



## AXUDAS FOEXGA 2025 CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN de 31 de marzo de 2025 pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas FOEXGA (Fomento das Exportacións Galegas) cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrència non competitiva (DOG nº 70, del 10 de abril de 2025)

**A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e o Igape convocan a MISIÓN COMERCIAL A ALEMANIA 2025**

### MISIÓN COMERCIAL A ALEMANIA 2025 VISITA FEIRAS: K, INTERGEO, etc 06 – 19 outubro 2025 Nº Expediente: IG422B-2025-000-000065

- ❑ **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE
- ❑ **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- ❑ **SECTOR:** Multisectorial
  - Feira K:** sector plástico
  - Feira INTERGEO:** sector geodesia, geolocalización
  - Feira E MOVE 360:** sector mobilidade, vehículo eléctrico
  - Feira INTERLIFT:** sector ascensores, elevación.
- ❑ **DATAS:** Do 6 ao 19 de outubro do 2025
- ❑ **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN:** 25/09/2025

### SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

### CUSTO

O custo total estimado por empresa e o seguinte:

- **Opción 2- sen axenda de trabalo:** 1.900 € + IVE = 2.299 €

O custo previsto inclúe: billetes de avión i/v, aloxamento e almorzo (4 noites), seguro de viaxe, axenda de traballo (na opción 1) e gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme.

Non inclúe o envío de mostras, pero será un gasto incluído na acción.

**Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Unha vez finalizada a acción, regularizaranse contas coas empresas participantes.**

### CONTÍA DA AXUDA



Esta acción contará cunha axuda do 70% dos custos directos subvencionables. Ademais, engádese a subvención os custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables.

#### IMPORTE FINAL ESTIMADO PARA A EMPRESA, UNHA VEZ RECIBIDA A SUBVENCIÓN:

- Opción 1- con axenda de traballo en Alemaña:  $4.200 * 0.23 = 966 \text{ €}$
- Opción 2- sen axenda de trabalo:  $1.900 * 0.23 = 437 \text{ €}$

#### PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe en Alemaña:

06/10/2025: Viaxe de ida

10/10/2025: Viaxe de regreso

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe, por exemplo viaxar un día máis ou menos, etc. Consultar á Cámara

**MOI IMPORTANTE:** *Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou que forme parte do consello de administración da mesma.*

#### FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

- ❑ **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN: 10 setembro de 2025**

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa a seguinte documentación:

- Solicitude de participación (Formulario IG422B a cumprir na Oficina Virtual do Igape).
- Copia da acreditación da representación legal do firmante (escritura de constitución da sociedade o escritura de poder)
- Copia do DNI/NIE da persoa representante.
- Copia do CIF da entidade solicitante.
- ITA (Informe de Traballadores en Alta) na data da inscrición na acción.
- Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Xustificante de pago por importe de:

- ✓ **Opción 2- sen axenda de trabalo: 1.900 € + IVE = 2.299 €**

#### DATOS DE LA CUENTA BANCARIA DONDE REALIZAR EL PAGO

Banco Sabadell: ES39 0081 0388 0700 0351 4860

(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo y Vilagarcía)

#### REQUISITOS DE LOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:



- a) Que cumpran cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

- b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia con polo menos un traballador no momento de presentación da axuda.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais, contando como mínimo cunha páxina web con versión en inglés.
- e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime de minimis segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.
- g) Que estean ao día de pagamentos adebedados ás Cámaras.
- h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención, no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa tanto directa como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será así mesmo a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas da mesma, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 15.2. O Igape porá a disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude (Anexo IX) de participación electrónicamente.

Este formulario deberá ser firmado e presentado ante a entidade colaboradora no prazo que estableza a correspondente convocatoria de acción, deberá xuntarse a documentación necesaria para que a entidade colaboradora poida efectuar a comprobación de que se cumpren os requisitos de beneficiario, así como xustificante do pago correspondente á cota de participación na acción.

#### OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas das persoas beneficiarias, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do



13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 5.7 letras a), b), d), e), e g), e 5.8 letras l), n) e o) obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Cubrir o Cuestionario de Participación (Anexo IX) no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.
- c) Confirmar a inscrición na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria e, en todo caso, antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 19 destas bases.
- d) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases e como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria como son:
  - a. DNI/NIE da persoa representante.
  - b. NIF da entidade solicitante.
  - c. NIF da entidade representante.
  - d. Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
  - e. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
  - f. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social.
  - g. Certificado de estar ao corrente de pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
  - h. Declaración de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
  - i. Declaración de concesións de subvencións e axudas.
  - j. Declaración de concesións pola regra de minimis.
  - k. Consulta do Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.
- e) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- f) Comunicarlle á entidade colaboradora a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.
- h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Consentir ao Igape para a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o cal foron concibidos e sexan facturados polas entidades colaboradoras. Os gastos clasifícanse en:



a) Custos directos: determinados en base ao seu custo real que se corresponden cos descritos no cadro seguinte:

| Custos directos (conceptos)                                                                                                                                                                                                                                                             | Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| · Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b). Así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| · Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción.                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| · Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| · Aluguer do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de subministros básicos no stand (luz, auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| · Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente.                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| · Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).                                                                                                                                                                                | Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren, barco e/ou autobús, que sexan necesarios para o desenvolvemento da acción. Incluídos os traslados internos no/s país/es nos que se celebre a acción. Non serán subvencionables os gastos de transporte en vehículo particular nin taxis.<br><br>Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma. |
| · Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almuerzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).                                                                                                                          | Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).<br><br>No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas.                                                                                                                                                                                                                                                                           |



| Custos directos (conceptos)                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.                                                                                                                                                                                                                                                           |
| · Traslados grupais.                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora, inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados dende e ata o aeroporto, así como traslados dende ou ata lugares onde se celebren reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo. |
| · Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Servizos prestados directamente pola entidade colaboradora organizadora da acción                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme, (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención para a peme).         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| · Parte proporcional do servizo de apoio técnico en destino.                                                                                                                                                                                                                                                                | A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. Poderase solicitar a excepción desta obriga que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non aporta valor engadido a actuación.                                                                                  |
| Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes                                                                                        | Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).                                                                                                                                                                                                                                               |



| Custos directos (conceptos)                                    | Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos. | <p>Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 8.000 €. Este límite será de 10.000€ cando a misión se realice a máis dun país.</p> <p>Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 32.000€.</p> |

b) Custos indirectos: determinados mediante un método de custo simplificado consistente nun tipo fixo do 7% dos custos directos subvencionables de conformidade co establecido no apartado a) do art. 54 do RDC.

Serán aqueles custos distintos dos custos directos subvencionables, que non poden vincularse directamente á actividade subvencionada, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), subministros (comunicacións, auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, mantemento ou limpeza.

Fíxanse nun tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables indicados na letra a) anterior, ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC.

#### PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

#### PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

#### INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS





INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos

Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa  
C/ República Argentina 18A – 36201 Vigo  
Tfno. 986 446295 / e-mail: [comex@camarapvv.com](mailto:comex@camarapvv.com)